

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032391	Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0816	Defensa contra incendios forestais	2024/2025	4	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN CARLOS DOCE CARUNCHO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo formativo desenvólvese dentro do Decreto 170/2012, do 12 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O módulo profesional abrangue a formación necesaria para desempeñar as funcións de planificación e organización dos traballos de prevención, vixilancia e detección, control e extinción de incendios forestais. A contorna profesional onde poderán desenvolverse este módulo profesional son: Espazos naturais e medio rural, empresas públicas e privadas ou administración relacionadas coa prevención, vixilancia, detección, control e extinción de incendios forestais. A inexistencia no Centro educativo de motobomba e elementos empregados no control e extinción de incendios, obrigará a contar coa colaboración de persoal, maquinaria e ferramentas do Distrito forestal da Comarca para poder facer diferentes prácticas, entre outras: (tipos de enrollado e tendido de mangueras, traballos con diferentes presións de auga, identificación e aplicación de distintas ferramentas na elaboración de liñas de defensa,.....). Dende o punto de vista dos incendios forestais debemos caracterizar a tipoloxía de combustible máis común nesta localización: Pinus spp., Calluna spp., Eryca spp., Quercus spp. etc.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O lume nos ecosistemas forestais. Comportamento do lume	Importancia e bases do lume no eido forestal	20	14
2	Prevenção de incendios forestais	Formas de evitar os incendios forestais	17	12
3	Vixilancia e detección de incendios forestais	Supervisión do medio forestal e comunicación de incendios	12	10
4	Organización dos recursos humanos e materiais. Medios terrestres e aéreos.	Organización dos traballos de control e extinción	20	12
5	A comunicación e os medios de comunicación nos incendios forestais.	Redes de comunicación para a loita contra incendios forestais	17	12
6	Control e extinción de incendios forestais.	Traballos de control e extinción; Medios, ferramentas e recursos humanos	20	12
7	Investigación de incendios forestais.	Averiguación das causas para delimitar responsabilidades e realizar prevención	8	12
8	Prevenção de riscos laborais nos traballos de defensa contra incendios forestais.	Riscos específicos dos traballos de defensa contra incendios forestais	12	16

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O lume nos ecosistemas forestais. Comportamento do lume	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Supervisa e organiza a prevención de incendios forestais, tendo en conta a relación entre os factores técnicos e os medios, e as actuacións que vaia desenvolver.	NO
RA2 - Supervisa e realiza a vixilancia e a detección de incendios forestais, para o que analiza os métodos e as técnicas.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as causas e os efectos dos incendios forestais.
CA1.2 Describiuse o comportamento do lume nos incendios forestais.
CA1.10 Aplícase a normativa específica de prevención de incendios forestais.
CA2.4 Analizáronse as situacións de risco que poidan ser orixe de incendios forestais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Incendios forestais: definición. Elementos do lume. Triángulo do lume. Partes e formas dun incendio. Clases de incendios forestais. Determinantes ecolóxicos, sociais e económicos. Causas e efectos dos incendios forestais. Clasificación das superficies incendiadas.
Comportamento do lume nos incendios forestais. Proceso de combustión. Mecanismos de transmisión do lume. Avaliación de zonas de risco: índices de perigo. Elaboración e interpretación de mapas de risco. Factores que inflúen nos incendios forestais. Combustibles forestais: características. Disponibilidade do combustible. Modelos de combustible. Influencia da orografía e a meteoroloxía.
Normativa sobre prevención de incendios forestais.
Situacións de risco que provocan incendios forestais: técnicas de pastoreo con emprego do lume, queimas de restos agrícolas ou forestais, vertedoiros de lixo, etc.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Prevención de incendios forestais	17

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Supervisa e organiza a prevención de incendios forestais, tendo en conta a relación entre os factores técnicos e os medios, e as actuacións que vaia desenvolver.	NO
RA2 - Supervisa e realiza a vixilancia e a detección de incendios forestais, para o que analiza os métodos e as técnicas.	NO
RA6 - Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade laboral, e de protección ambiental, para o que valora as condicións de traballo e os factores de risco.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Caracterizáronse os factores que inflúen nos incendios forestais.
CA1.4 Supervisouse o mantemento das infraestruturas de prevención de incendios forestais.
CA1.6 Seleccionáronse e manexáronse as ferramentas, a maquinaria e os equipamentos.
CA1.7 Valorouse a eficacia das campañas de sensibilización e as medidas legais na prevención de incendios forestais.
CA1.8 Realizáronse os informes necesarios relativos aos traballos, aos rendementos e á viabilidade legal.
CA1.9 Cubriuse a documentación administrativa para a execución dos tratamentos silvícolas preventivos.
CA2.5 Elaboráronse os informes para o control das situacións de risco que poidan ser orixe de incendios forestais.
CA6.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supoñen os traballos de defensa contra incendios forestais.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Mantemento das infraestruturas de prevención de incendios forestais. Tipos de infraestruturas. Puntos de auga. Bases de medios aéreos: tipos e características. Edificacións utilizadas na prevención e na extinción de incendios: tipos e características. Outras infraestruturas.</p> <p>Campañas de prevención e sensibilización sobre o uso seguro do lume en espazos naturais e rurais: concepto. Tipos: dirixidas a excursionistas, agricultores, gandeiros, etc. Publicidade: anuncios de radio e televisión; material gráfico de prensa, valo publicitario e outras campañas. Efectos.</p> <p>Documentación sobre traballos, rendementos e viabilidade legal das actividades de prevención de incendios forestais. Trámites administrativos: informes; plans de prevención de incendios; autorizacións e permisos. Mantemento de infraestruturas.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Vixilancia e detección de incendios forestais	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Supervisa e realiza a vixilancia e a detección de incendios forestais, para o que analiza os métodos e as técnicas.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os sistemas de vixilancia preventiva e de detección de incendios forestais.
CA2.2 Caracterízanse as infraestruturas de vixilancia e detección de incendios forestais.
CA2.3 Manexáronse e supervisáronse os equipamentos e as ferramentas de vixilancia e detección dun incendio.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Sistemas de vixilancia preventiva e de detección de incendios forestais: obxectivos e características. Clasificación: vixilancia terrestre fixa e móbil, vixilancia aérea e outros sistemas. Accións básicas e fundamentos da detección.</p> <p>Infraestruturas de vixilancia e detección: características. Impactos ambientais.</p>

Contidos
Equipamentos e ferramentas de vixilancia e detección dun incendio. Modos de emprego. Equipamentos de radio ou telefonía móbil. Outros equipamentos. Cartografía empregada. Sistema de localización no terreo do foco do lume e identificación aproximada no mapa. Método de observación. Clasificación e identificación da alarma polo fume (orixe, cor e volume). Vehículos de vixilancia e primeiro ataque. Aeronaves de vixilancia e primeiro ataque.
Informes sobre traballos e rendementos das actividades de vixilancia e detección de incendios forestais. Libros de rexistro de incidencias e outros documentos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Organización dos recursos humanos e materiais. Medios terrestres e aéreos.	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Supervisa e organiza a prevención de incendios forestais, tendo en conta a relación entre os factores técnicos e os medios, e as actuacións que vaia desenvolver.	NO
RA2 - Supervisa e realiza a vixilancia e a detección de incendios forestais, para o que analiza os métodos e as técnicas.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Organizáronse os recursos humanos e materiais nos traballos silvícolas de prevención de incendios forestais.
CA2.6 Organizáronse os recursos humanos e materiais na vixilancia e detección de incendios forestais.
CA2.7 Cubríronse os cadros e partes de traballo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Organización dos recursos humanos e materiais. Tipos de traballos silvícolas de prevención: áreas, devasas e outros sistemas. Queimas prescritas: procedementos. Recursos humanos: persoal ao servizo da Administración.
Ferramentas, maquinaria e equipamentos: motoserras, rozadoras e maquinaria pesada. Criterios de selección. Sistemas de organización e distribución de equipamentos.
Informes para o control de autorizacións, concesións e outras situacións de risco: elaboración. Normativa relacionada coas actividades orixe de incendios forestais. Autorizacións e concesións, e outras situacións de risco.

Contidos
Organización de recursos humanos e materiais. Equipamentos, condicións do persoal de vixilancia e xeitos de operar. Selección de rutas, equipamentos e xeitos de operar na vixilancia terrestre móbil. Establecemento de quendas. Métodos, equipamentos e xeitos de operar na vixilancia aérea.
Informes sobre traballos e rendementos das actividades de vixilancia e detección de incendios forestais. Libros de rexistro de incidencias e outros documentos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A comunicación e os medios de comunicación nos incendios forestais.	17

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Comunica a detección dun incendio forestal, para o que caracteriza as técnicas, os equipamentos de transmisión e os protocolos de actuación.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Definiuse a rede de comunicacións para a loita contra incendios forestais.
CA3.2 Descríbense os compoñentes dun equipamento de transmisión.
CA3.3 Manexouse un equipamento de transmisión.
CA3.4 Identificouse o protocolo de actuación ante a detección dun incendio forestal.
CA3.5 Interpretáronse e utilizáronse os indicativos e códigos de transmisión.
CA3.6 Aplícase a normativa específica de telecomunicacións.

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Rede de comunicacións para a loita contra incendios forestais: obxectivos e características. Modalidades de transmisión. Composición da rede de comunicacións. Tipos de equipamentos de transmisión.</p> <p>Compoñentes dun equipamento de transmisión: emisor-receptor, antena, liña de transmisión, fonte de alimentación, etc.</p> <p>Manexo do equipamento de transmisión: modo de emprego. Emisión e recepción de mensaxes. Revisións. Mantemento.</p> <p>Protocolo ou disciplina de actuación ante a detección dun incendio forestal. Emisor, contido e estrutura da mensaxe.</p> <p>Indicativos e códigos de transmisión: interpretación.</p> <p>Normativa ambiental e específica de telecomunicacións.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Control e extinción de incendios forestais.	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Supervisa e organiza os traballos de control e extinción de incendios forestais, para o que interpreta as instrucións recibidas e describe os métodos empregados.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as fases dos traballos de control e extinción de incendios forestais.
CA4.2 Determinouse o xeito de actuación ante un incendio forestal.
CA4.3 Controlouse o uso de auga e produtos químicos retardantes da combustión.
CA4.4 Utilizáronse e supervisáronse as ferramentas e os medios terrestres.

Criterios de avaliación
CA4.5 Caracterizáronse os medios aéreos empregados para o control e a extinción de incendios forestais.
CA4.6 Caracterizouse a estrutura organizativa da loita contra incendios forestais.
CA4.7 Organizáronse e supervisáronse os recursos humanos e materiais no control e na extinción de incendios forestais.

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Documentación sobre traballos, rendementos e viabilidade legal das actividades de prevención de incendios forestais. Trámites administrativos: informes; plans de prevención de incendios; autorizacións e permisos. Mantemento de infraestruturas.</p> <p>Fases dos traballos de control e extinción de incendios forestais. Principios básicos da extinción. Fases: ataque, control e extinción. Obxectivos e procedementos. Métodos de ataque. Liña de defensa. Contralume.</p> <p>Actuación ante un incendio forestal: cando se recibe o aviso, ata a chegada ao incendio, contra o lume e logo do incendio.</p> <p>Uso e aplicación da auga e produtos químicos retardantes da combustión. Tipos e características dos produtos retardantes. Manuais de operación con retardantes. Vantaxes e inconvenientes.</p> <p>Ferramentas e medios terrestres: ferramentas manuais e motobombas (tipos e características). Mangas, lanzas e pezas para encaixar. Maquinaria pesada: tipos e características, apeiros e implementos. Procedementos de traballo. Vehículos todoterreo. Medios aéreos: tipos de aeronaves e características. Outros: manuais de instrución en extinción de incendios forestais. Bases de datos. Programas de simulación de lumes forestais.</p> <p>Estrutura organizativa da loita contra incendios forestais. Directrices e acordos estatais. Plans autonómicos. Outra normativa relacionada. Actuacións periódicas.</p> <p>Organización de recursos humanos e materiais. Categorías profesionais. Funcións dos postos de traballo e das categorías profesionais. Procedementos de colaboración con outro persoal que colabora no control e extinción de incendios forestais. Programación de actividades. Programación de quendas de traballo e de prácticas. Cuadrantes de traballo. Valoración das capacidades individuais e colectivas dos membros da unidade: protocolos de probas antropométricas. Mantemento da condición física. Rexistros de datos das condicións</p>

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Investigación de incendios forestais.	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Colabora nas actividades de investigación das causas de incendios forestais, tendo en conta a relación entre os métodos e as técnicas, e os protocolos de actuación.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Caracterizouse o persoal que investiga os incendios forestais.
CA5.2 Cubríronse partes e cadros relativos a incidencias, danos, datos meteorolóxicos e estatísticas relacionadas co momento do incendio e da extinción.
CA5.3 Levouse a cabo o primeiro recoñecemento dunha zona pequena incendiada.
CA5.4 Estableceuse sobre o terreo o perímetro da zona de traballo.
CA5.5 Determinouse a xeometría do incendio en caso dunha zona incendiada de gran superficie.
CA5.6 Estableceuse a dirección de propagación, a intensidade calórica e a velocidade de avance do incendio.
CA5.7 Localizouse a zona de inicio do incendio e as probas físicas para determinar o medio e a causa de ignición.
CA5.8 Elaboráronse informes a partir dos estudos e das probas obtidas.

4.7.e) Contidos

Contidos
Documentación sobre traballos, rendementos e viabilidade legal das actividades de prevención de incendios forestais. Trámites administrativos: informes; plans de prevención de incendios; autorizacións e permisos. Mantemento de infraestruturas.
Persoal que investiga os incendios forestais: axentes da autoridade, etc.
Partes e cadros: de incidencias, danos e datos meteorolóxicos. Emprego de datos históricos de incendios.
Incendios de pequenas superficies. Recoñecemento dunha zona pequena incendiada. Método das evidencias físicas. Procedementos para establecer sobre o terreo o perímetro da zona de traballo.
Incendios de grandes superficies. Determinación da xeometría do incendio. Modelos xeométricos de propagación.
Vestixios indicadores da dirección de propagación do incendio. Intensidade calórica. Velocidade de avance. Métodos de estimación.
Localización da zona de inicio do incendio. Probas físicas para determinar o medio e a causa de ignición.
Elaboración de informes de resultados. Documentación.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Prevenção de riscos laborais nos traballos de defensa contra incendios forestais.	12

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Supervisa e realiza a vixilancia e a detección de incendios forestais, para o que analiza os métodos e as técnicas.	NO
RA4 - Supervisa e organiza os traballos de control e extinción de incendios forestais, para o que interpreta as instrucións recibidas e describe os métodos empregados.	NO
RA6 - Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade laboral, e de protección ambiental, para o que valora as condicións de traballo e os factores de risco.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Aplícase a normativa específica da vixilancia e detección de incendios forestais.
CA4.8 Identifícanse as operacións necesarias para asegurar a protección das persoas.
CA4.9 Aplícase a normativa específica nos traballos de control e extinción de incendios forestais.
CA6.2 Avalíase a orde e a limpeza das instalacións de traballo no ámbito da prevención e extinción de incendios forestais como primeiro factor de seguridade.
CA6.3 Empregáronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva previstas para a execución das operacións.
CA6.4 Manipuláronse materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de traballo evitando situacións de risco.
CA6.5 Elaboráronse organigramas de clasificación dos residuos atendendo á súa toxicidade, o seu impacto ambiental e a súa posterior retirada selectiva.
CA6.6 Aplícanse as actuacións básicas nas principais situacións en que se precisen primeiros auxilios e nos procedementos de colaboración cos servizos de emerxencias.
CA6.7 Aplícase a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.8.e) Contidos

Contidos
Normativa sobre prevención de incendios forestais.
Normativa específica de vixilancia e detección de incendios forestais.
Operacións de protección das persoas implicadas nos incendios forestais. Sinalización e desenvolvemento das operacións. Normas e protocolos de seguridade aplicados en incendios forestais e outras emerxencias. Acoutamento de zonas de rescate. Protocolos de actuación. Operacións de embarque e desembarque en helicópteros. Operacións de carga e estiba de aeronaves en terra. Protocolos de solicitude de avituallamento. Normas de carga de combustible en vehículos e aeronaves. Normativa de transporte de combustible e de
Normativa de aplicación nos traballos de control e extinción de incendios forestais.
Riscos nos traballos de defensa contra incendios forestais. Causas dos riscos. Nivel de perigosidade.
Seguridade nas instalacións de traballo. Orde e limpeza. Sinalización dos postos de traballo: carteis divulgativos.
Medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva nas operacións de traballo. Equipamentos de protección individual: manuais de uso. Equipamentos colectivos de protección: materiais, ferramentas e máquinas. Normalización e homologación de ferramentas e equipamentos.
Residuos xerados nos traballos de defensa contra incendios forestais: clasificación, tratamento e recollida dos residuos.
Situacións en que cómpren primeiros auxilios. Actuacións básicas. Fundamentos dos primeiros auxilios. Soporte vital básico nos primeiros auxilios. Atención inicial a emerxencias máis frecuentes. Sistemas de recollida e transporte de persoas accidentadas. Caixa de primeiros auxilios. Actuacións básicas e procedementos de colaboración cos servizos de emerxencia.
Normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental no ámbito da defensa contra incendios forestais.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Para acadar unha avaliación positiva ao final de curso o alumnado deberá ter os coñecementos teórico prácticos suficientes para demostrar que se acadaron os resultados de aprendizaxe ou mínimos esixibles.</p> <p>5.1. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva.</p> <p>En cada unidade didáctica figuran os mínimos esixibles, e os criterios de avaliación.</p> <p>Para acadar cualificación positiva, en cada avaliación parcial, é necesario superar os mínimos das unidades didácticas desenvolvidas nese período.</p> <p>Os mínimos esixibles serán os seguintes:</p> <p>UD1.-O lume nos ecosistemas forestais. Comportamento do lume</p> <p>CA1.1 - Analizáronse as causas e os efectos dos incendios forestais.</p> <p>CA1.2 - Describiuse o comportamento do lume nos incendios forestais.</p> <p>CA2.4 - Analizáronse as situacións de risco que poidan ser orixe de incendios forestais.</p>

UD2.-Prevención de incendios forestais

CA1.3 - Caracterizáronse os factores que inflúen nos incendios forestais.

CA1.6 - Seleccionáronse e manexáronse as ferramentas, a maquinaria e os equipamentos.

CA1.9 - Cubriuse a documentación administrativa para a execución dos tratamentos silvícolas preventivos.

CA2.5 - Elaboráronse os informes para o control das situacións de risco que poidan ser orixe de incendios forestais.

CA6.1 - Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supoñen os traballos de defensa contra incendios forestais.

UD3.-Vixilancia e detección de incendios forestais

CA2.1 - Describíronse os sistemas de vixilancia preventiva e de detección de incendios forestais.

CA2.3 - Manexáronse e supervisáronse os equipamentos e as ferramentas de vixilancia e detección dun incendio.

UD4.-Organización dos recursos humanos e materiais. Medios terrestres e aéreos.

CA2.6 - Organizáronse os recursos humanos e materiais na vixilancia e detección de incendios forestais.

CA2.7 - Cubríronse os cadros e partes de traballo.

UD5.-A comunicación e os medios de comunicación nos incendios forestais.

CA3.1 - Definiuse a rede de comunicacións para a loita contra incendios forestais.

CA3.2 - Describíronse os compoñentes dun equipamento de transmisión.

CA3.3 - Manexouse un equipamento de transmisión.

CA3.4 - Identificouse o protocolo de actuación ante a detección dun incendio forestal

UD6.-Control e extinción de incendios forestais.

CA4.1 - Definíronse as fases dos traballos de control e extinción de incendios forestais.

CA4.2 - Determinouse o xeito de actuación ante un incendio forestal.

CA4.4 - Utilizáronse e supervisáronse as ferramentas e os medios terrestres.

CA4.5 - Caracterizáronse os medios aéreos empregados para o control e a extinción de incendios forestais.

CA4.6 - Caracterizouse a estrutura organizativa da loita contra incendios forestais.

UD7.-Investigación de incendios forestais.

CA5.1 - Caracterizouse o persoal que investiga os incendios forestais.

CA5.2 - Cubríronse partes e cadros relativos a incidencias, danos, datos meteorolóxicos e estatísticas relacionadas co momento do incendio e da extinción.

CA5.6 - Estableceuse a dirección de propagación, a intensidade calórica e a velocidade de avance do incendio.

CA5.7 - Localizouse a zona de inicio do incendio e as probas físicas para determinar o medio e a causa de ignición.

CA5.8 - Elaboráronse informes a partir dos estudos e das probas obtidas.

UD8.-Prevención de riscos laborais nos traballos de defensa contra incendios forestais.

CA4.8 - Identificáronse as operacións necesarias para asegurar a protección das persoas.

CA6.2 - Avaliouse a orde e a limpeza das instalacións de traballo no ámbito da prevención e extinción de incendios forestais como primeiro factor de seguridade.

CA6.3 - Empregáronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva previstas para a execución das operacións.

CA6.4 - Manipuláronse materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de traballo evitando situacións de risco.

CA6.6 - Aplicáronse as actuacións básicas nas principais situacións en que se precisen primeiros auxilios e nos procedementos de colaboración cos servizos de emerxencias.

CA6.7 - Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

5.2 Criterios de cualificación

A calificación final da avaliación determinarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Probas escritas. No momento de realización estará indicada de forma numérica o valor de cada suposto, pregunta ou exercizo. No momento de entrega dunha proba escrita ao profesor o alumnado deberá asinar un rexistro de entrega que se porá a disposición deste, deixando así constancia da asistencia e entrega da proba.
- Traballos. Valoraranse aqueles traballos que indique o profesor entregados en prazo indicado.

O alumnado que supere positivamente as tres avaliacións, terá unha calificación final que coincidirá coa obtida na terceira avaliación, o valor numérico de esta avaliación será a media aritmética das tres avaliacións realizadas durante o curso académico.

Para o alumnado que teña algunha avaliación non superada, logo de realizada a terceira avaliación, deseñárase unha proba final onde se poderá recuperar por separado cada unha das avaliacións pendentes non superadas. Os traballos realizados durante o curso poderá volvelos a realizar o alumno para a súa mellora ou cando non os tivera realizado, se decidira non repetilos ou non realízalos continuarán tendo o mesmo peso na proba final, que o que tiveron no seu momento na avaliación parcial. A calificación final, para este tipo de alumnado, será a media das avaliacións superadas, sendo condición imprescindible superar positivamente en algún momento, (nas probas realizadas en cada avaliación ou na proba final), as tres avaliacións. A nota final non será superior a 4 sempre que non se teñan superado positivamente as tres avaliacións nas probas realizadas durante o curso.

Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua, deseñárase unha proba final extraordinaria antes da avaliación final. (ver apartado 6.b.)

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Aplicaranse os establecidos na normativa vixente.

5.3.-Procedementos e instrumentos de avaliación.

Avaliarase a aprendizaxe dos alumnos/as, o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente.

Os tipos de avaliación que se realizaran son: inicial de coñecementos previos, continua, final e extraordinaria de módulo co fin de obter unha información e valoración que permita tomar decisións de cara ao futuro acerca do funcionamento de todo o proceso.

En canto ás técnicas ou instrumentos empregados para a avaliación, recurrirase a:

- Probas convencionais escritas que poderán incluíra resolución de supostos prácticos.
- Probas prácticas.
- Entrega e exposición de traballos que porerán incluír a resolución de problemas e cuestionarios propostos polo profesor.

Ante a imposibilidade de asignar calificacións con decimais, redondeando as notas numéricas que superen o cinco, concederáselle o alumno/a a calificación numérica inmediatamente superior cando obteña 6 ou mais décimas (Exemplo 5,5=5; 5,6=6). En todo caso consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos que se acaden sen redondeo previo. Calquera nota inferior a 5, con decimais ou sen eles, considerárase negativa e non acadará a avaliación positiva.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación deseñaranse individualmente para cada alumno/a, centrándose nos resultados de aprendizaxe non acadados. Polo tanto terase en conta o informe de avaliación do alumno, cando este non obtivo avaliación positiva.

Naqueles resultados de aprendizaxe que precisen unha especial destreza e habilidade, programaranse actividades encamiñadas á súa práctica.

Noutros, será preciso recorrer á realización de supostos prácticos ben definidos, que teñan en conta os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe. A realización destes supostos obriga ao alumno a revisar a documentación de cada unidade didáctica, baixo a supervisión do profesor. Tamén se realizarán aqueles traballos que o alumnado non entregou durante o curso ou se repetirán cando non se realizaran correctamente con anterioridade.

Para cada unha das unidades didácticas realizarase unha batería de preguntas curtas e supostos prácticos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que superen o 10% de faltas inxustificadas terán perda do dereito a avaliación continua, según a normativa vixente. Para eles se realizará unha proba onde se inclúan todos os criterios de avaliación, onde os mínimos esixibles serán os mesmos que na avaliación ordinaria.

Para superar este módulo e acadar a avaliación positiva o alumno deberá superar unha primeira parte teórica, deste xeito poderá acceder a realizar unha segunda proba práctica. Superar cada proba implica acadar unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 en cada unha delas. A cualificación final será o resultado de facer a media entre ambas partes. En cada unha das partes, no momento de realización, estará indicada de forma numérica o valor de cada suposto, pregunta ou exercizo.

Empregaranse os criterios de cualificación mínimos esixibles que se describen no apartado 4.c. desta programación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento das programacións de cada módulo realizarase cunha frecuencia mínima mensual.

Polo tanto, durante o curso rexistraranse as incidencias e posibles axustes na temporalización, metodoloxía, materiais empregados, ou calquera outra modificación que se considere de interese. Para este seguimento empregarase a aplicación de xestión das programacións. Ademais, con periodicidade mensual, realizarase un seguimento do cumprimento da programación nas reunións de departamento con todo o equipo docente do ciclo.

A avaliación da práctica docente terá en conta dous aspectos:

A análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso, os resultados académicos, comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados.

A opinión do alumnado, a través dunha enquisa a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para realizar a avaliación inicial partírase en primeiro lugar da documentación presentada polo alumnado para a realización da matrícula, ademais da información adicional que poida facilitar o titor.

Realizarase un test inicial para avaliar os coñecementos iniciais dos que parte o alumno con respecto ao módulo.

Ao comezo de cada Unidade Didáctica realizarase un pequeno coloquio sobre os coñecementos previos necesarios para desenvolver axeitadamente os obxectivos desta unidade.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realizaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe. Unha vez feita a avaliación de aspectos concretos do módulo tomaranse medidas correctoras para lograr que aqueles alumnos/as que de acordo coa avaliación, presentan carencias con respecto a certos obxectivos. Estas correccións materialízanse en actividades de reforzo consistentes en repetir a proba escrita e correxir ou repetir as probas prácticas. Os contidos actitudinais recupéranse amosando unha evolución positiva ao longo do curso.

De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

No proceso de ensino aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

A igualdade de xénero: linguaxe non sexista, non discriminación de tarefas por sexos, cultura ou relixión.

Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio cultural da sociedade

A diversidade como valor enriquecedor: respecto as ideas e ideoloxías dos compañeiros e compañeiras e traballo en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Charla divulgativa dunha persoa experta en incendios forestais

Demostración de manexo de camión motobomba

Charla sobre o sistema de comunicación TETRA

Charla sobre investigación de causas de incendios forestais

Visita a unha base aerea empregada en prevención e defensa de incendios forestais de Galicia

Visita a un monte no que se esten levando a cabo traballos de restauración de terreos queimados e/ou queimas prescritas.

Visita ao Centro de Coordinación Central para incendios forestais en Galicia.

Charla impacto dos lumes en terreos forestais e agrícolas.

10. Outros apartados

10.1) Avaliación inical

Este apartado recolle un breve cuestionario, como parte específica da avaliación inicial, para identificar o nivel de competencia ou carencias que presenta o alumnado.

Cuestionario específico do módulo Defensa e prevención de incendios forestais.

- 1.-Define lume forestal.
- 2.-Explica o triángulo do lume.
- 3.-Cal é a diferenza entre o ataque directo e o indirecto na loita contra incendios?
- 4.-Enumera as partes do EPI dun brigadista?
- 5.-De que xeito inflúe a topografía no avance dun lume forestal?
- 6.-Que ferramentas coñeces para a extinción de incendios forestais?
- 7.-Explica os efectos dos lumes forestais
- 8.-Que función pode realizar un bulldozer na extinción de incendios?
- 9.-Cita tipos de lumes que coñezas en función do estrato de vexetación afectado.
- 10.-Explica os tipos de liñas de defensa para frear lumes forestais.

10.2) Educación a distancia

As aulas virtuais utilizaranse de xeito habitual durante o curso e tamén nos supostos de educación a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. Nos supostos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros, email ou vídeo chamadas para manter contacto co alumnado e, de ser posible, fornecer contidos educativos, especialmente as prácticas relativas ao módulo que se substituirán, dentro do posible, por vídeos explicativos.

Do mesmo xeito, no suposto de educación a distancia, o aula virtual constituirá a principal ferramenta para a avaliación do alumnado.